



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Valdoviño - Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola de música

Publicación provisional : 24-11-2008 BOP Nº 271 -- Publicación definitiva : 12-02-2009 BOP Nº 35

Redacción Aplicable desde 12-02-2009

Redacciones

- Artigo 1. Fundamento e natureza.
- Artigo 2. Feito impositivo.
- Artigo 3. Suxeitos pasivos.
- Artigo 4. Responsables.
- Artigo 5. Cota tributaria.
- Artigo 6. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.
- Artigo 7. Devengo.
- Artigo 8. Ingreso.
- Artigo 9. Infraccións e sancións.
- Disposición derradeira.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, este Concello acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo da escola de música, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2. Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo da presente taxa a utilización dos servizos propios desta actividade, especificados nas tarifas seguintes, e que se rexerán pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e o artigo 23 TRLRFL, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo da escola de música.

Artigo 4. Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria.

A cota tributaria será a que resulte de aplicar as seguintes tarifas:

- Por cada actividade: 10 euros/mes.
- Por cada actividade adicional: 5 euros/mes.

Artigo 6. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 TRLRFL, non se reconece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de lei.

Artigo 7. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación dos servizos regulados na presente ordenanza.

Artigo 8. Ingreso.

O pagamento da taxa efectuarase mensualmente por transferencia bancaria a favor da tesourería municipal.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación o mesmo día da publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Nota Legal

Servicio de Asistencia Económica a Municipios